

III PREMIO MORALES

PARA A PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA
DO BIERZO E DA SEABRA/SANABRIA

1 OUTUBRO 2022 - CACABELOS

TRAS OS PASOS DE MORALES:
“CHEGARON OS ROMANOS”



EDICIONS
POSITIVAS



REAL
ACADEMIA
GALEGA



CACABELOS



1. CATEGORÍAS

A - DEBUXANDO A POESÍA de Antonio Fernández Morales (Ver Anexo)

Poderá concorrer **calquera alumna ou alumno de educación infantil e primaria** adscrito ao PROGRAMA PARA A PROMOCIÓN DO IDIOMA GALEGO no Bierzo e na Seabra/Sanabria.

O debuxo será orixinal e inédito, en formato A4, e realizado con calquera técnica.

O autor ou autora participará cun máximo de dous debuxos, no(s) que interpretarán os versos que figuran no Anexo, e que corresponden ao poema “A Santísima Virgen da Quinta Angustia”, de Antonio Fernández Morales.

As creacións serán enviadas nun sobre pechado ao seguinte enderezo postal: Consejo Comarcal de El Bierzo. Avenida de la Minería, s/n (Edificio Minero), 24400 - Ponferrada.

Neste sobre incluírase, xunto co debuxo, o nome e apelidos do alumno ou alumna, centro escolar e curso académico.

No sobre, escribírase: III PREMIO MORALES PARA A PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA NO BIERZO E SANABRIA. 2022. CATEGORÍA A.

B - CONTANDO, POETIZANDO E DRAMATIZANDO A POESÍA de Antonio Fernández Morales (Ver Anexo)

Poderá concorrer **calquera alumna ou alumno de educación secundaria e bacharelato** adscrito ao PROGRAMA PARA A PROMOCIÓN DO IDIOMA GALEGO.

A creación literaria será orixinal e inédita.

O autor ou autora escribirá unha peza literaria en galego a partir dos versos que figuran no Anexo, e que corresponden ao poema “A Santísima Virgen da Quinta Angustia”, de Antonio Fernández Morales. Escollerá libremente entre os seguintes xéneros literarios: conto, poesía ou teatro.

Participará cunha soa creación literaria, cunha extensión máxima de 7.000 caracteres (catro follas). Non haberá extensión mínima. Presentarase en formato Word, letra Times New Roman, tamaño 12 e espazo interlineal dobre.

As persoas participantes enviarán un só correo electrónico a: **premiosmorales@gmail.com**, cos seguintes documentos adxuntos:

1. Documento 1, que levará por nome O TÍTULO DA CREACIÓN, e que conterà o lema ou pseudónimo e, a continuación, o texto que se presenta ao concurso.
2. Documento 2, que levará por título O PSEUDÓNIMO, e que conterà o nome e apelidos do autor ou autora e o nome do instituto.

Na mensaxe indicárase, no asunto: III PREMIO MORALES PARA A PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA NO BIERZO E SANABRIA. 2022. CATEGORÍA B.

C - CONTANDO, POETIZANDO E DRAMATIZANDO A POESÍA de Antonio Fernández Morales (Ver Anexo)

Poderá concorrer o **alumnado estudante de galego da Escola Oficial de Idiomas de Ponferrada e calquera persona do Bierzo e Sanabria maior de 18 anos**. A creación literaria será orixinal e inédita.

O autor ou autora escribirá unha peza literaria en galego a partir dos versos que figuran no Anexo, e que corresponden ao poema “A Santísima Virgen da Quinta Angustia”, de Antonio Fernández Morales. Escollerá libremente entre os seguintes xéneros literarios: conto, poesía ou teatro.

Participará cunha soa creación literaria, cunha extensión máxima de 7.000 caracteres (catro follas). Non haberá extensión mínima. Presentarase en formato Word, letra Times New Roman, tamaño 12 e espazo interlineal dobre.

A participación no concurso implica a aceptación total das bases.

As persoas participantes enviarán un só correo electrónico a premiosmorales@gmail.com, cos seguintes documentos adxuntos:

1. Documento 1, que levará por nome O TÍTULO DA CREACIÓN, e que conterá o lema ou pseudónimo e o texto que se presenta ao concurso.
2. Documento 2, e que levará por título O PSEUDÓNIMO e, deseguido, o nome e apelidos do autor ou autora, teléfono, enderezo postal e correo electrónico e, de ser o caso, curso e centro educativo.

Na mensaxe indicárase, no asunto: III PREMIO MORALES PARA A PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA NO BIERZO E SANABRIA. 2022. CATEGORÍA C.

D - PATRIMONIO INMATRERIAL. PROPOSTAS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Poderá concurrir calquera persoa cunha proposta relacionada coa lingua galega do Bierzo, sexa sobre dialectoxía, a toponimia, a historia da lingua, a sociolingüística, a literatura popular (contos, refráns, poesía...) etc...

Participará cunha soa proposta, inédita, cunha extensión máxima de 18.000 caracteres (dez follas). Non hai extensión mínima. Presentarase en formato Word, letra Times New Roman, tamaño 12 e espazo interlineal dobre.

As persoas participantes enviarán un só correo electrónico a premiosmorales@gmail.com, cos seguintes documentos adxuntos:

1. Documento 1, que levará por nome O TÍTULO DO TRABALLO, e que conterá o lema ou pseudónimo e o texto que se presenta ao concurso.
2. Documento 2, e que levará por título O PSEUDÓNIMO e, deseguido, o nome e apelidos do autor ou autora, teléfono, enderezo postal e correo electrónico

Na mensaxe indicárase, no asunto: III PREMIO MORALES PARA A PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA NO BIERZO E SANABRIA. 2022. CATEGORÍA D.

2

PAZO. XURADO. PREMIOS. PUBLICACIÓN. DEREITOS DE AUTORÍA

1. PAZO

O prazo para participar no certame rematará o día 20 de agosto de 2022.

2. XURADO

O xurado estará integrado por persoas de recoñecido prestixio elixidas polo comité organizador do *III Premio Morales para a promoción da lingua galega no Bierzo e Sanabria*.

Valorarase a orixinalidade, creatividade e innovación, a calidade estética e artística e, no caso das creacións literarias, a calidade da lingua.

O xurado poderá desbotar aquelas producións cuxo contido non se axuste ás bases ou que promovan unha mensaxe ofensiva, violenta ou discriminatoria.

O xurado poderá declarar deserto o premio. A decisión do xurado é inapelable.

A organización reserva para si o dereito a interpretar as bases deste certame sempre e cando sexa necesario para o seu bo desenvolvemento. A presentación ao certame implica a aceptación destas bases.

3. PREMIOS

Todos os traballos seleccionados nas catro categorías terán como agasallo a publicación das súas creacións nun libro que será presentado durante o acto de entrega dos premios.

Esta publicación será enviada aos centros de ensino de educación infantil, primaria, secundaria e bacharelato, adscritos ao PROGRAMA PARA A PROMOCIÓN DO GALEGO NO BIERZO E SANABRIA, á Escola Oficial de Idiomas e ás bibliotecas públicas do Bierzo e Sanabria.

Ademais, de entre todos os gañadores en cada categoría, o xurado concederalle á mellor creación os seguintes premios:

Categoría A: Conxunto de xogos de mesa.

Categoría B: Un eReader, que inclúe ebooks de literatura galega.

Categoría C: Estadía dunha fin de semana nun balneario de Galicia para dúas persoas

Categoría D: A proposta gañadora recibirá 20 libros do catálogo de Edicións Positivas

4. ACTO DE ENTREGA

O acto de entrega dos premios será público e realizarase o sábado 1 de outubro de 2022 en Cacabelos.

5. DEREITOS DE AUTORÍA

A presentación a este certame implicará para as persoas premiadas a cesión dos dereitos de propiedade intelectual de contido patrimonial das obras en favor dos organismos que o convocan. Esta cesión só afecta a esta publicación.

ANEXO

No mesmo medio do xardín berciano
Onde situada estuvo a populosa
Bérgidum Flavium que o poder romano
Non pudo defender da belicosa
Xente Goda; nun val que rega ufano
O Cúa, e pé do Castro da Ventosa
Veise unha villa, do xardín delicia,
Porta de flores da feraz Galicia.

Os Romanos, fuxindo, os pueblos todos
Destruíron ia villa logo alzaron
Sobre as ruínas de Bérgidum os Godos.
Dicen outros que a Bérgidum queimaron
De orden dun rei, porque de malos modos
Os veciños contra el se revelaron
E que solo salvou a Xudería
Que é mesma villa que subsiste hoi día.

(Versos, as dúas primeiras estrofas, pertencentes ao poema A SANTÍSIMA VIRGEN DA QUINTA ANGUSTIA, incluído en *Ensayos poéticos en dialecto berciano*, de Antonio Fernández Morales)